

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA SETE DE XULLO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dous de xullo de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de xuño do ano que andamos, , que se aproba por unanimidade dos asistentes, logo de facer as correccións que de seguido se indican:

1º.- No apartado 2.4 de Instancias de obras de particulares, na licenza concedida a don Orlando Giadanes Arca, onde di "Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos sete euros con corenta e catro céntimos (#307,44#):", debe dicir "Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos corenta e sete euros con corenta e catro céntimos (#247,44#)"

2º.- No apartado de facturas, onde di " Factura num. 121 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Cedeira coa coral da terceira idade. Importe 428,00 euros" debe dicir "Facturas nums. 116 e 121 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Cedeira e Ouren-



se coa terceira idade. Importe 749,00 euros”

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.149/09 de don Juan Jesús Fernández Porto

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ames, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Laraño, en solo de núcleo rural (N1) segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro, cun orzamento de 172.444,96 euros; num. Plantas B+1; Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente de 0,40 m2 de superficie edificable por cada m2 de parcela neta

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; a cor a utilizar nas fachadas será branco ou en tons suaves de acordo co entorno rural e a pedra será da zona; a cor da carpintería de aluminio a utilizar nas fiestras na súa cara exterior axustarase á tipoloxía e tono da zona; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; asimesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras e número de plantas autorizadas e número de expediente


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil catrocentos corenta e oito euros con noventa céntimos (#3.448,90#)

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (58,29 m2)

2.2.- Instancia num. 834/09 de don Manuel Louro Cao

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de San Pedro, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM; cunha ocupación máxima inferior ó 50% da parcela neta; num. Plantas B+1; Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente máximo de 0,40 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo proxecto presentado redactado polo arquitecto don Camilo Neira Picón, cun orzamento de 141.389,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garante a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; a fosa séptica instalarse gardando as distancias marcadas polo planeamento para aliñacións; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde; asimismo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras e número de plantas autorizadas e número de expediente

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil oitocentos vinte e sete euros con setenta e oito céntimos (#2.827,78#)

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (105 m2)


2.3.- Instancia num. 151/09 de dona M^a. Begoña de la Torre Lobato

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Galegos, en solo calificado no PXOM como urbano residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U-1), segundo proxecto presentado redactado polo arquitecto don Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 90.000 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; conforme ó artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor da carpintería exterior de aluminio axustarase ás tradicionais da zona, ou en todo caso, á que mellor favoreza a integración no contorno inmediato; a licenza de primeira ocupación estará condicionada a correcta conexión ás redes municipais de saneamento e abastecemento; en ningún caso se autorizará o verquido a fosa séptica; deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos do propietario, técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data e número de expediente de licenza; prazo de execución das obras e número de plantas autorizadas, debendo axustarse o mesmo ó modelo aprobado polo concello



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil oitocentos (#1.800,00#) euros

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (19 m2)

2.4.- Instancia num. 1.149/09 de don Juan M. González López

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio do tellado con tella eb uralita nunha superficie aproximada de 119 m2 e revestimento exterior con pedra e cotegrán e substitución de fiestras, situada na Avenida do M. M. Gómez Lorenzo (nº 3) en solo urbano (U-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica, a cor a utilizar na fachada harmonizará co resto das edificacións do entorno e a pedra será do país; ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberase proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos corenta e nove euros con setenta e cinco (#249,75#)

2.5.- Instancia num. 991/09 de dona María Teresa Rodríguez Iglesias

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun alboio no lugar de A Pedreira, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima para edificacións auxiliares inferior ó 10% da parcela neta; num. plantas A. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto técnico don Manuel Gamallo Varela cun orzamento de 57.278,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto sposable e adaptándose ás cores tradicionais da zona; asimismo deberá colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos

directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cento corenta e cinco euros con cincuenta e seis céntimos (#1.145,56#)

2.6.- Instancia num. 1.103/09 de don Severo A. Meñino Barros

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en calidade de representante da Comunidade de Propietarios, solicita licenza para a rehabilitación do edificio situado no núm. 19 do lugar de Galegos -Santa Cruz de Ribadulla, emprazado en solo urbano residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (N-1), consistente na substitución de tella, segundo a memoria presentada redactada polo arquitecto técnico don Rogelio Canedo Lamela.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se fagan efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento corenta e cinco euros con noventa e seis céntimos (#145,96#)

2.7.- Instancia num. 934/09 de dona Mercedes Barco Paz

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Trobe, solicita licenza para a proceder á parcelación da finca nº 510 do polígono 505 dos planos de catastro, situada no lugar de Trobe, en tres parcelas resultantes, segundo o proxecto técnico presentado redactado polo arquitecto don Camilo Neira Picón

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas municipais, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros

3º.- Ratificación de Resolucións da Alcaldía

3.1.- Adjudicación definitiva da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla do PCC 2008-2011*, anualidade 2009

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de xuño do ano que andamos, que di o seguinte:



“Con data nove de xuño do ano que andamos, a Xunta de Goberno adxudicou provisionalmente a favor de Proyecta, Actividades Profesionales de la Construcción, S.L o contrato da obra de *Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla (código 09.3300.0090.0), incluída no PCC 2008-2011 (anualidade 2009)* no prezo de noventa e oito mil novecentos corenta e nove euros con trinta e oito céntimos (#98.949,38#) IVE engadido, publicándose o citado acordo no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com) con data dez de xuño

Dado que o adxudicatario constituiu en prazo a garantía definitiva e presentou os documentos xustificativos esixidos

Examinada a documentación, de conformidade co establecido no artigo 135.4 de la Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)

RESOLVÍN:

Primeiro.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato de obras consistente na *Ampliación da rede de abastecemento en Ponte Ulla*

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 441-623 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a adxudicación definitiva ós licitadores que non resultaron adxudicatarios

Cuarto.- Notificarlle a Proyecta, Actividades Profesionales de la Construcción, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato

Quinto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante

Sexto.- Formalizado o contrato o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde para a súa aprobación polo concello, previo informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007.”


A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución

3.2.- Plan provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó financiamento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de xuño do ano que andamos, que di o seguinte:

“Este concello , por Resolución da Alcaldía de data 28/05/09, acordou participar no *plan provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó financiamento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)*, para o financiamento de dúas novas actuacións : Colocación de contenedores e instalación de tabiquería móvil en el Museo Modesto Paz Camp

Con data 10/06/09 a Deputación comunicounos que a colocación de contenedores de basura era un tipo de subministro que non encaixaba no plan por mor do seu obxecto de conformidade co disposto na base 2 do citado plan



En función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente

RESOLVÍN:

1º) Anular a solicitude remitida no seu día e participar no "*Plan provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)*" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Financiamento de novas actuacións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Mellora do firme en viais municipais</i>	53.863,18	0,00	53.863,18
<i>Instalación de tabiquería móvil en el Museo Modesto Paz Camps</i>	30.000		30.000
T O T A L	83.863,18	0,00	83.863,18

Aprobar as correspondentes memorias técnicas

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

4º) Para o financiamento da achega municipal existe crédito dabondo no orzamento municipal.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento .

6º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social."

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución


4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación num. 1 da obra *Saneamento de Socastro-San Mamede de Ribadulla*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra *Saneamento de Socastro -San Mamede de Ribadulla*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e da factura num. E00123/09 de Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de setenta e cinco mil seiscientos oitenta e tres euros con cincuenta céntimos (#75.683,50#), sendo o director da obra o enxeñeiro don Gilberto Rodríguez Rodríguez

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura

4.2.- Certificación num. 3 e última da obra *Edificación multiusos en el campo de la fiesta de Trobe*



Dáse conta da certificación num. 3 e última da obra *Edificación multiusos en el campo de la fiesta de Trobe*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e da factura num. 19/2009 de Construmovil Gallega, S.L, por importe de cincuenta e dous mil cento nove euros con sesenta e catro céntimos (#52.109,64#), sendo a directora da mesma a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación da subministración dun tractor con apeiros

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación, mediante procedemento aberto con múltiples criterios de valoración, da subministración dun vehículo tipo tractor con apeiros, con cargo ó convenio asinado coa Deputación Provincial con data 18 de decembro de 2008, segundo licitación publicada no BOP num. 119/09 de 27 de maio, e no DOG num. 109/09, do 4 de xuño

De conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas que rexeiron a citada licitación, aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 7 de abril de 2009, así coma a proposta emitida pola Mesa de Contratación, tendo en conta o informe da Comisión Técnica, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar integramente o contido da mesma, e na súa virtude , adxudicar provisionalmente o contrato para a adquisición dun vehículo tipo tractor con apeiros á empresa MAQUINARIA AGRÍCOLA EL NOROESTE, S.L, con NIF B-15.012.263 e domicilio social en Vía Isaac Peral nº 21-15890 Poligono do Tambre (Santiago de Compostela), ó ser o licitador que acadou a maior puntuación no procedemento (53 puntos), de acordo cos seguintes extremos:


1.1.- O prezo total de adxudicación ascende á cantidade de cento vinte e sete mil trescentos (#127.300#) euros (IVE Incluído), segundo a oferta presentada polo licitador adxudicatario, que representa unha baixa de cincuenta e seis euros con corenta céntimos (#56,40#)

1.2.- Os bens obxecto da adquisición será os que de seguido se relacionan, coas características e melloras (Chasis, cabina,...etc) ofertadas polo licitador-adxudicatario tal e como se describen no seu documento de referencias técnicas, e que para a súa debida constancia e cumprimento, deberán engadirse no anexo que proceda ó contrato que se suscriba

1.2.A.- Tractor marca John Deere, modelo 6630, 6 cilindros e 6780 CC de cilindrada, con chasis integral de 130 CV de potencia nominal e 137 CV de potencia máxima; bastidor integral de aceiro de alta resistencia: dobre tracción con suspensión hidroneumática TLS111

1.2.B.- Desbrozado lateral de brazo avanzado marca ORSI, modelo Visual Ventral 587 de 5,8 mts de alcance de traballo lateral; bomba de 65 CV de potencia; monomando JOYSTICL eléctrico-hidráulico e servopropicional

1.3.- Pá cargadora marca John Deere BMH, modelo 6000 4XD II, de 4 cilindros con elevación a dobre efecto; altura de elevación: 4.150mm; capacidade de elevación a altura máxima: 1.500 kg e cazo de áridos reforzado de 2, 25 m de ancho e 740 litros de capacidade.



Maquinaria ofrecida sen custo adicional:

1.- Equipo herbicida marca MOVICAM , modelo MCL-40, de 400 l de capacidade con depósito de polietileno e lavamans, provisto de 20 mts de manheira e dúas pistola

2.- Barredoria marca AGRC, modelo WUM-24-G adaptable á pá cargadora, con cazo de gran capacidade de carga

3.- Cortacésped profesional marca John Deere , modelo 7H17, motor Kawasaki de 17 CV de 2 cilindros, transmisión hidrostática con velocidades infinitas. Ancho de traballo: 122 cm

1.3.- O prazo de garantía dos bens obxecto deste contrato é de 4 anos (tractor) e 2 anos (desmalezora e pá cargadora)

1.4.- O prazo de entrega é de 25 días

SEGUNDO.- Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

TERCEIRO.- Notificar e requirir a Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante , a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva

CUARTO.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

6º.- Aprobación, se procede, das bases para a contratación de peóns especialistas de protección civil (6 prazas) a través dos programas de cooperación

Dáse conta das bases para a contratación de peóns especialistas de protección civil (6 prazas) a través dos programas de cooperación, informadas favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais en sesión celebrada o día vinte e nove de xuño do ano que andamos

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas bases

7º.- Aprobación, se procede, das bases para a contratación de peóns especialistas para a brigada verde -servizos varios (5 prazas) a través dos programas de cooperación

Dáse conta das bases para a contratación de peóns especialistas para a brigada verde -servizos varios (5 prazas) a través dos programas de cooperación, informadas favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais en sesión celebrada o día vinte e nove de xuño do ano que andamos

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas bases

8º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

8.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezoito de xuño do ano que andamos, pola que á vista dos informes correspondentes acórdase a extinción do servizo de axuda no fogar a don Juan Guerra Gaitero, por incumprimento dos



deberes do usuario, segundo o artigo 6 do regulamento do citado servizo a partires do 30 de xuño

A Xunta de Goberno dáse por enterada

8.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de xuño do ano que andamos, pola que a vista das solicitudes formuladas polas nais das menores Irea Sanín Segade e María Nodar Picón, acórdase dar de baixa as menores na escola infantil municipal

A Xunta de Goberno dáse por enterada

8.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data un de xullo do ano que andamos, pola que se acorda conceder a atención domiciliaria a dona Carmen López García, con domicilio en Fornelos -Vedra, polo concepto de apoio no aseo persoal e vestido, cunha intensidade de 18 horas/mes, de luns a venres, cunha achega da usuaria de 1,20 euros/horas en función do establecido na ordenanza reguladora do servizo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

9º.- Outros asuntos

9.1.- Solicitud de atención domiciliaria

Dáse conta do escrito num. 1180/09 no que dona Alexandra Sánchez Monteagudo, con domicilio en San Xián, solicita atención domiciliaria en concepto de apoio para atención persoal , durante as súas vacacións no centro residencial no que se atopa ingresada en Bergondo

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda aprobar o servizo solicitado , de luns a venres, durante 45 minutos/día , totalmente gratuito de acordo co establecido na ordenanza reguladora do citado servizo

9.2.- Aceptación axuda concedida con cargo ó Programa de Cooperación Local do Estado

Dáse conta da comunicación do Ministerio de Política Territorial relativa á concesión, con cargo ó Programa de Cooperación Económica Local do Estado, dunha axuda económica para a cofinanciación do proxecto *Acondicionamiento de Museo Paz Camps y ludoteca de Vedra* por importe de vinte e un mil seiscientos setenta e sete euros con sesenta e cinco céntimos (#21.677,65#), ó abeiro do Real Decreto 835/2003, de 27 de xuño, modificado polo Real Decreto 1263/2005, de 21 de outubro, así como da Orde APU 293/2006, de 31 de xaneiro, reguladora no seu capítulo V do procedemento para a concesión de subvencións públicas destinadas ó cofinanciamento dos proxectos das Corporacións Locais con Participación da Sociedade Civil

A Xunta de Goberno acorda :

1º.- Aceptar a citada axuda nos termos e condicións da resolución

2º.- Aprobar o novo programa de financiamento, actualizado en atención á subvención concedida



PROXECTO	ORZAMENTO	ACHEGA MAP + DEPUTAC.	ACHEGA MUNICIPAL
<i>Acondicionamento Museo Paz Camps</i>	41.177,32	31.521,61	9.655,71
<i>Acondicionamento Ludoteca de Vedra</i>	6.995,24	3.147,86	3.847,38
TOTAL	48.172,56	34.669,47	13.503,09

3º.- Proceder á licitación do proxecto *Acondicionamento Museo Paz Camps*, mediante contrato menor

4º.- Proceder á execución da obra do proxecto de *Acondicionamento de Ludoteca de Vedra* pola propia administración.

9.3.- Circular para a contratación das obras incluídas no Plan Especial de Parques Infantís 2009

Dáse conta da circular remitida pola Deputación Provincial para a contratación das seguintes obras incluídas na primeira fase do Plan Especial de Parques Infantís 2009:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA DEPUTACIÓN
<i>Mellora e acondicionamento Parques infantís</i>	70.401,23	10.560,18	59.841,05
	70.401,23	10.560,18	59.841,05

A Xunta de Goberno dáse por enterada e acorda proceder a súa licitación por procedemento negociado sen publicidade

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos

